



MESA REDONDA – COLOQUIO: "DOMVS – UNHA CASA ROMANA NO CASTRO DE CHAO SANMARTIN"

A fin de semana do 9 ó 11 de Xuño será intenso para a nosa asociación: o venres teremos unha inauguración no Castelo de San Antón, o sábado un debate-charla sobre a romanización no noroeste peninsular, para rematar o domingo ca anunciada xeira pola Ulloa.

Pasamos a explicar en orde inversa, as actividades arredor da exposición do Museo Arqueolóxico

SABADO, 10 de XUÑO

A asociación dos "AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO" organiza unha mesa redonda - coloquio, en colaboración do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, co gallo da celebración no mesmo da exposición temporal "**DOMVS: unha casa romana no castro de Chao Sanmartin**".

Terá lugar o próximo **SABADO, 10 de XUÑO, a partir das 5,00 da tarde (ás 17:00h)**, e falarase sobre o mundo castrexo, a romanización e o papel do exército romano na mesma.

As participantes serán as seguintes:

- Carmen Fernández Ochoa, catedrática de Arqueoloxía da Universidad Autónoma de Madrid.
- Miguel Ángel de Blas Cortina, catedrático de Prehistoria da Universidad de Oviedo, que actuará como moderador.
- Ángel Morillo Cerdán, catedrático de Arqueoloxía da Universidad Complutense de Madrid.
- Antonio de la Peña Santos, arqueólogo do Museo de Pontevedra.
- Ángel Morillo Cerdán, arqueólogo do Museo Arqueolóxico de Asturias e comisario da exposición.

Durante a tarde farase unha visita colectiva á exposición cos participantes.

Máis información, aquí, na páxina do Concello da Coruña:

<http://www.coruna.gal/cultura/es/agenda/historico/detalle-asset/encuentro-mesa-redonda-el-poder-de-roma/suceso/1453623757103>

Con anterioridade, ás 11,30 da mañá dese mesmo sábado, 10 de Xuño, vaise facer unha visita colectiva ó Castro de Elviña. As persoas interesadas terán que estar na entrada do castro un rato antes.

Igualmente durante esa mañá, pero no Castelo de San Antón, terán lugar uns obradoiros didáctico sobre arqueoloxía para as persoas máis novas (ten un custe de 20€). Tedes máis información aquí:

<http://www.coruna.gal/cultura/es/agenda/historico/detalle-asset/talleres-didacticos-de-arqueologia-para-ninos/suceso/1453623092357>

VENRES, 9 de XUÑO

Esta interesantísima exposición, que garda algunha sorpresa, **inaugurarase o día anterior, VENRES, 9 de XUÑO, ás 8 do serán.** Está comisariada por Ángel Villa Valdés, técnico do Museo Arqueolóxico de Asturias, quen fará unha introdución da mostra e guiará unha visita á mesma. A mesma estará aberta ó público ata o 24 de Setembro de 2017.

<http://www.coruna.gal/cultura/es/agenda/historico/detalle-asset/domvs-unha-casa-romana-no-castro-de-chao-samartin/suceso/1453623090468>

E para ir abrindo boca, aquí tedes o tríptico da exposición en pdf:

<http://www.coruna.gal/descarga/1453623090468/FOLLETO-DOMVS.pdf>

TODAS ESTAS ACTIVIDADES SON DE BALDE, AGÁS AS CTIVIDADES PARA AS MÁIS PEQUENAS, E ABERTA A TODA A CIDADANÍA, AGÁS .

AGARDAMOS A VOSA PRESENCIA!

FINALMENTE, a asociación prepara unha viaxe a Asturias durante a fin de semana do 7 ó 9 de XULIO, que incluírá unha VISITA Ó CASTRO de CHAO SANMARTIN, e sobre a que iremos informando oportunamente.

<http://www.arqueoloxico.com/>